



## CONCELLO DE CUALEDRO (Ourense)

SEC 2016-90

CONCELLO DE CUALEDRO

BRIGADA DE OBRAS PÚBLICAS MUNICIPAL  
CUALEDRO

Cualedro, 20 de Setembro de 2016

### EDICTO:

Mediante resolución da alcaldía, de data de 20 de setembro de 2016 aprobáronse as seguintes:

### **BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO PARA A SELECCIÓN DE OITO ALBANEIS E UN XEFE DE OBRA PARA "BRIGADA DE OBRAS PÚBLICAS" DO CONCELLO DE CUALEDRO**

#### **PRIMEIRA. Obxecto da convocatoria.**

1. O obxecto destas bases é regular a contratación por este concello de 8 ALBANEIS E 1 XEFE DE OBRA para unha "Brigada de obras públicas".
2. O contrato que se subscribirá é o que regula o artigo 15.1.a) do Estatuto dos Traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo.
3. Funcións: as propias de albanería.

#### **SEGUNDA. Bases específicas.**

1. Número de prazas: 8 .
2. Categoría profesional: albaneis
3. Duración: 3 meses.
4. Contrato laboral que se formalizará: obra ou servizo determinado.
5. Xornada laboral: completa.
6. Salario bruto mensual: 900 € (incluídos todos os conceptos salariais e a parte proporcional das pagas extraordinarias).

1. Número de prazas: 1
2. Categoría profesional: arquitecto técnico
3. Duración: 3 meses.
4. Contrato laboral que se formalizará: obra ou servizo determinado.
5. Xornada laboral: completa.
6. Salario bruto mensual: 1400 € (incluídos todos os conceptos salariais e a parte proporcional das pagas extraordinarias).

#### **TERCEIRA. Condicións e requisitos dos aspirantes.**



## **CONCELLO DE CUALEDRO (Ourense)**

Os aspirantes que tomarán parte no concurso deberán reunir, na data en que remate o prazo concedido para a presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

- a) Ser español ou cidadán dalgún estado membro da Unión Europea nos termos establecidos no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, así como estranxeiros con residencia legal en España.
- b) Declaración xurada de non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida a o correcto desenvolvemento no desempeño do posto.
- c) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, comunidades autónomas ou entidades locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- d) Declaración xurada de non estar incurso en causa vixente de incapacidade ou incompatibilidade.
- e) No caso de xefe de obra, deberá ter a titulación de arquitecto técnico e ter o carné de conducir B1.

Todos estes requisitos deberán reunirse con referencia ao último día da presentación de instancias.

### **CUARTA.- Criterios de selección, puntuación e xustificación.**

Os méritos que se valorarán, segundo a puntuación e acreditación que se especifica, son os seguintes:

- 1.- Valoración do curriculum vitae: valorarase a experiencia en postos similares ós ofertados. Máximo 10 puntos, 0,10 puntos por mes traballado. Requíreselle vida laboral actualizada.
- 2.- Idoneidade ó posto de traballo e coñecemento do concello: os aspirantes deberán superar unha entrevista sobre idoneidade ó posto de traballo e coñecemento do concello de Cualedro. A puntuación máxima que se poderá obter neste apartado é de 10 puntos.

### **QUINTA. Forma e prazo da presentación de solicitudes.**

1. As solicitudes para participar neste concurso presentaranse, conforme ao modelo que figura como anexo I das bases, no prazo de **cinco (5)** días hábiles no Rexistro xeral do Concello, en horario de 9.00 a 14.00 h. excluídos os sábados, ou na forma que determina o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, sendo necesario neste caso comunicar a remisión da documentación vía fax ao Concello. O dito fax deberá ter entrada no prazo de presentación das solicitudes, pois noutro caso non serán admitidas (fax do concello: 988424026).

2. O referido prazo computarase a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Taboleiro de anuncios do Concello de Cualedro, na web do Concello de Cualedro ([www.Cualedro.es](http://www.Cualedro.es)) e no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, achegándose a seguinte documentación:

- a. Copia compulsada do DNI ou documento que proceda no caso dos estranxeiros.
- b. Acreditación documental xustificativa dos méritos esixidos. (soamente se terán en conta os méritos alegados con data límite o último día da presentación de instancias). Só se admite a vida laboral actualizada.



## CONCELLO DE CUALEDRO (Ourense)

c. Declaración xurada de cumprir cos requisitos necesarios para contratar coa Administración pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente e de non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida a o correcto desenvolvemento no desempeño do posto (**Anexo II**).

3. Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria, que se atopan a disposición do público no Concello e na páxina web do Concello. ([www.cualedro.es](http://www.cualedro.es))

4. Rematado o prazo, o alcalde aprobará a lista provisional de admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello, concedéndose un prazo de 2 días hábiles para reclamacións, emenda de erros ou achega de documentación complementaria. Concluído este prazo o alcalde aprobará a lista definitiva de admitidos e excluídos. A mesma resolución do alcalde conterá o lugar, data e hora de reunión da comisión avaliadora e realización das probas.

### **SEXTA. Selección.**

1. Unha vez rematado o prazo de presentación das solicitudes, e para os efectos de avaliar os méritos acreditados, reunirse unha comisión, que estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente: Cristina Justo Justo
- 2 Vogais: Sonia Zarraquiños Novelle e M.Sol Quinteiros Gil
- Secretario-vogal: Paulino Fernández Salgado

A comisión está facultada para interpretar e resolver as cuestións que poidan suscitarse na aplicación das normas de procedemento, inspirándose a súa actuación no principio de economía, celeridade e eficacia.

O tribunal valorará a documentación presentada de acordo co baremo de méritos que figuran nestas bases.

Por resolución da Presidencia aprobarase a lista de admitidos e excluídos ao concurso, que se fixará no Taboleiro de anuncios do Concello de Cualedro, concedéndose un prazo de 2 días hábiles para reclamacións, emenda de erros ou achega de documentación complementaria. Concluído este prazo o alcalde aprobará a lista definitiva de admitidos e excluídos. A mesma resolución do alcalde conterá o lugar, data e hora de reunión da comisión avaliadora e realización das probas.

A orde de clasificación definitiva de tódolos aspirantes virá determinado pola suma das puntuacións totais obtidas.

A orde de clasificación definitiva determinará a proposta de contratación.

De acordo coa relación, elevarase ao alcalde, ademais da acta da sesión, a proposta de nomeamento dos aspirantes aprobados, procedendo o alcalde ao nomeamento dos



## CONCELLO DE CUALEDRO (Ourense)

aspirantes seleccionados, efectuándose a formalización do correspondente contrato laboral.

En ningún caso o tribunal cualificador poderá propoñer para a contratación maior número de aspirantes que prazas convocadas.

Cos traballadores que superasen as probas farase unha listaxe por orde de puntuación que no suposto de renuncia dalgún dos traballadores contratados con anterioridade á finalización do servizo, substituirase polo traballador seguinte na lista de similares características.

Para efectuar esta proposta, a comisión avaliadora poderá pedir os informes e asesoramentos técnicos que teña por convenientes.

### **Oitava. Recursos.**

Estas bases e demais actos administrativos que se deriven do proceso selectivo poderán ser impugnados polos interesados utilizando os medios previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administraciónns públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

### **ANEXO I: Modelo de instancia**

NOME E APELIDOS \_\_\_\_\_

DNI \_\_\_\_\_ DATA NACEMENTO \_\_\_\_\_

R/ \_\_\_\_\_

LOCALIDADE \_\_\_\_\_ PROVINCIA \_\_\_\_\_

CÓDIGO POSTAL \_\_\_\_\_ TELÉFONO \_\_\_\_\_

#### **EXPÓN:**

Que informado da convocatoria para a selección de:

- Albanel.
- Xefe de obra

Considera reunir os requisitos esixidos nas bases da dita convocatoria e achego a documentación precisa para isto; e polo que,

#### **SOLICITA:**

Ser admitido ao proceso de selección para a praza de.

- Albanel.
- Xefe de obra



## CONCELLO DE CUALEDRO (Ourense)

Cualedro \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de 2016

Asdo. \_\_\_\_\_

AO ALCALDE DO CONCELLO DE CUALEDRO

### ANEXO II: Modelo de declaración xurada

D./Dña....., con DNI ..... e domicilio en....., declaro que reúno os requisitos necesarios para contratar coas administracións públicas, non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, comunidades autónomas ou entidades locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas, non estar incurso en causa vixente de incapacidade ou incompatibilidade. Asimesmo declaro non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida a o correcto desenvolvemento no desempeño do posto.

E para que conste e produza os efectos oportunos no expediente de contratación de 8 prazas de albanel e un xefe de obra, asino esta declaración, baixo a miña responsabilidade, en Cualedro,.....de.....de 2016.

(Asinado polo/a interesado/a)

ALCALDE DO CONCELLO DE CUALEDRO

O Alcalde,  
Asdo.: Luciano Ryero Cuquejo

